


# Plan de Convivencia

Curso 2022-2023

Conservatorio Profesional de  
Danza da Deputación da Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

# Índice

1. INTRODUCCIÓN
2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO
3. OBXECTIVOS XERAIS
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
5. ACTUACIÓNS E MEDIDAS PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
  - No centro e na súa organización
  - Equipo directivo
  - Profesorado
  - Profesor de garda
  - Os titores
  - Alumnado
  - As familias
6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR
  - Formas de acoso
  - Medidas de prevención
  - Procedemento de intervención ante situacións de acoso escolar
7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, DEREITOS E DEBERES
  - Do alumnado
  - Do profesorado
  - Dos pais e nais
  - Do persoal administrativo e de servizos
  - Normas de carácter xeral
8. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO QUE, DE SER O CASO, SE APLICARÁN, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO DECRETO 8/2015 DO 30 DE XANEIRO EN DESENVOLVEMENTO DA LEI 4/2011 E DEMAIS NORMATIVA DE APLICACIÓN.
9. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

## **1. INTRODUCCIÓN**

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, establece o marco regulador da convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de convivir nun marco de respecto mutuo e sen violencia.

O Plan de Convivencia é o documento no que se establece as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar no centro, os obxectivos a alcanzar, e as normas que a regulan e as actuacións para a consecución dos obxectivos. Integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá as necesidades, os obxectivos e as actuacións, incluíndo a mediacións na xestión de conflitos.

## **2. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

O Conservatorio de danza é un centro público dependente da Deputación Provincial da Coruña e súas instalacións sitúanse na rúa Franxa 14, no centro da cidade.

Na actualidade conta máis ou menos con 150 alumnos/as a maioría de xénero feminino e 11 profesores/as que imparten ensinanzas de Grao Elemental e Profesional de danza.

Neste centro acude alumnado que ven de centros escolares da Coruña e en menor medida de centros de fóra da cidade. Convén resaltar, en xeral, a falta de conflitos no alumnado que vén de diversas zonas, xa que as diferenzas sociais que puidese haber non se notan no labor docente levado a cabo neste tipo de ensinanzas.

O Conservatorio de Danza da Coruña non rexistrou conflitos importantes que afecten á normal convivencia. O alumnado do Conservatorio de Danza acude ao mesmo de forma voluntaria, por non ter as ensinanzas artísticas carácter obrigatorio, e por ese motivo non é habitual ter conflitos ou problemas.

O Plan de Convivencia será elaborado pola comisión de convivencia e esta, para a súa elaboración, terá en conta a situación do momento, as necesidades do centro, a información da comunidade educativa e a análise e valoración dos principais documentos organizativos do centro.

Na actualidade o clima de convivencia no centro, en xeral, é bo.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS**

Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no conservatorio.

Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha convivencia escolar axeitada e como melloralala.

Fomentar os valores, as actitudes, e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Facilitar a prevención, detección, tratamento, o seguimento e resolución dos conflitos que poidan producirse no conservatorio.

Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias.

Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

### **4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Priorizar a educación en valores de entre os demais contidos do currículo, asignándolles espazos e tempos específicos.

Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos comúns para facilitar a convivencia entre o alumnado (actividades extraescolares).

Prever una atención específica ao alumnado que, por diversas causas, presente comportamentos que alteren a convivencia no centro e a daqueloutro alumnado que padece as súas consecuencias.

Fomentar a acción titorial como instrumento para desenvolver a convivencia. A través dela, os/as titores/as poden aportar información ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades

sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos así como de expresar as súas opinións.

## **5. ACTUACIONES E MEDIDAS PREVISTAS PARA A CONSECUCCIÓN DOS OBTXECTIVOS**

Nos centros docentes, de acordo cos principios contidos no Plan Integral de Convivencia aplicarán as medidas organizativas, curriculares e de coordinación que garantan a participación da comunidade educativa e favorezan a convivencia positiva. Prestarase especial atención á xestión democrática do centro e da aula, á coordinación das actuacións docentes, á programación.....

Así mesmo a través das actividades de ensinanza e aprendizaxe promoverase a igualdade efectiva entre homes e mulleres, e a prevención da violencia de xénero e o respecto ás distintas identidades de xénero e orientacións sexuais.

Os centros docentes, a través do Plan Integral de Convivencia, establecerán medidas para a prevención das condutas contrarias ás normas de convivencia e especialmente das actitudes e comportamentos sexistas; o rexeitamento, acoso ou fustigamento contra membros da comunidade educativa polo seu lugar de nacemento, orixe, raza, etnia, sexo, relixión, opinión, identidade e expresión de xénero, discapacidade física, psíquica, sensorial, ou con outras condicións persoais ou socioeconómicas; e calquera outro comportamento que impida o pleno desenvolvemento persoal o social do alumnado.

### **ACTUACIONES A REALIZAR**

#### **No centro e na súa organización**

- O equipo directivo e a Comisión de Convivencia intentará facer melloras nos horarios, na distribución de espazos-clases, alumnos..... que faciliten o control da disciplina.
- O equipo directivo, a Comisión de Convivencia, coas achegas do profesorado, promoverá o uso de protocolos de asistencia e seguridade do alumnado.
- Queremos garantir a seguridade do alumnado, en especial aos menores de idade.
- Garantir dende o equipo directivo e todos os órganos ao inicio de curso o coñecemento das rutinas de funcionamento do centro. Así se favorece

o traballo de forma conxunta e coordinada da comunidade educativa para conseguir os obxectivos do Conservatorio.

- Difundir a información e promover a colaboración do alumnado.

### **Equipo Directivo**

- Estará permanentemente aberto ás suxestións que expoñan os pais, o alumnado ou calquera membro de comunidade educativa e, ante os problemas de convivencia, dialogará co alumnado e as súas familias para solucionar a situación.
- Apoiará diariamente o labor do profesorado na aula.
- Estará permanentemente aberto ás suxestións que suscite o alumnado e mediará na solución dos conflitos xunto cos titores/as.
- Fomentará o diálogo cos pais e nais para que interveñan na coeducación do seus fillos/as e lles fagan recapacitar.
- Intentará aplicar medidas que teñan un carácter educativo, arbitrando fórmulas a través das cales o alumnado modifique a súa conduta e termine asumindo as normas de convivencia para todos.
- As posibles medidas sancionadoras adoptadas irán aumentando gradualmente de menor a maior:
  - Amoestación verbal, amoestación escrita e comunicación á familia.
  - Comparecencia en Xefatura de Estudos.
  - Suspensión do dereito a participar nas actividades.
  - Suspensión do dereito de asistencia ás clases.

### **Profesorado**

- Todo o profesorado do centro contribuirá á difusión entre o alumnado e as familias do contido do Plan de Convivencia.
- O profesorado, a través da planificación e o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe:
  - Favorecerá un clima de aula positivo, potenciando a participación do alumnado e favorecendo o establecemento de relacións positivas entre o alumnado e entre este, o profesorado e o resto dos membros da comunidade educativa.

- Promoverá a paz, a participación democrática, o diálogo, a reflexión, o respecto, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a resolución pacífica dos conflitos mediante a mediación.
- Explicará as normas de convivencia na aula, fomentará hábitos e valores positivos: saber escoitar, respectar aos demais, as instalacións e os materiais etc. O profesorado debe manter a orde e a disciplina na clase.
- Ante unha situación de conflito, cando o diálogo co alumnado non sexa suficiente para solucionar o problema, o profesorado poderá utilizar os seguintes recursos:
  - Cambiar a distribución do alumnado na aula.
  - Utilizar a folla de anotacións para reflectir as incidencias. Parte do alumnado reacciona ao sentirse vixiado.
  - Entrevistas coas familias (persoal ou telefonicamente) para que éstas colaboren na corrección da actitude do seu fillo/a e deixárase constancia da mesma na folla de anotacións, que á súa vez comunicará a dita amoestación ao titor/a do/a alumno/a.
  - Privar ao alumnado implicado de participar nas actividades extraescolares.

### **Profesorado de garda**

O profesorado de garda solicitará información sobre a posible ausencia do profesorado, atendeár ao alumnado que estean sen profesor e tamén colaborará no mantemento da orde nos cambios de aulas.

### **Os/as titores/as**

O titor ou a titora de cada grupo de estudantes, en coordinación co equipo docente, favorecerá unha adecuada convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa e promoverá a utilización do diálogo e da mediación na resolución dos conflitos.

Os titores e titoras son moi importantes para unha boa convivencia no centro e deberán:

- Ser informados das amoestacións impostas a os seus tutelados.

- Informar os pais e nais das faltas de asistencia reiteradas, e de calquera outra incidencia que puidera darse.
- Cando xurdan problemas de carácter colectivo solicitar á xefatura de estudos unha xuntanza do equipo docente para adoptar medidas conxuntas.

No caso de alumnado maior de idade, o/a titor/a tratará directamente con eles.

## **O alumnado**

### Deberes do alumnado

- Respecto ao traballo: asistir a clase con puntualidade. Participar nas actividades. Asistir ao centro co material necesario e esforzarse en asimilar o contido.
- Respecto ao profesorado: respectar ao profesorado, cumprir as normas.
- Respecto aos seus compañeiros/as: ser tolerante, rexeitando todo tipo de discriminación. Exercer a solidariedade e practicar o compañeirismo.
- Respecto ao centro: mostrar o debido respecto e consideración aos membros da comunidade escolar. Coidar e utilizar correctamente os mobles, o material didáctico e as instalacións.
- As faltas de asistencia deberán ser xustificadas polos alumnado. Cando as faltas dun trimestre superen o 20% do total de clases o alumnado non superará ese trimestre.
- No caso de alumnado que non asista ao longo do curso, realizarase unha proba final cos contidos do curso, que permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos.
- Nalgúns casos nomearase a un/a mediador/a, que poderá ser un/a alumno/a, que intentará solucionar os problemas que xurdan entre compañeiros/as.

## **As familias**

Os/as titores/as transmitirán ás familias que a ensinanza é un proceso compartido co profesorado. Todo o profesorado ten titorías para atendelos, non só cando haxa conflitos, tamén para atender suxestións.

Aos pais e nais pídeselles para unha boa convivencia:

- Que valoren, apoiem e reforcen o labor do profesorado na aula.
- Que inculquen aos seus fillos valores como o respecto, a responsabilidade e a solidariedade.



- Que aporten suxestións non só queixas.
- Respecto á normativa do centro que prohíbe o acceso de pais e nais a zona académica quedando o acceso restrinxido ás zonas comúns. As familias non poderán permanecer no centro de maneira presencial e recollerán ao alumnado no exterior do mesmo.

## **6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR**

Cando falamos de “acoso escolar” estámonos referindo a situacións nas que un ou máis alumnos/as perseguen e intimidan a outro ou outra vítima, a través de insultos, rumores, vexacións, illamento social, alcumes, agresións físicas, ameazas, extorsións, chantaxes, utilización de internet, mensaxes a móbiles.....

Tamén se utiliza o termo “bullying”.

Non se pode cualificar de acoso cando un alumno métese con outro de forma amigable ou coma un xogo. Tampouco cando dous alumnos discuten ao mesmo nivel.

No acoso hai un desexo de inflixir dano contra alguén indefenso e menos poderoso, ben no plano físico ou psicolóxico. Ten lugar de modo reiterado e o agresor goza coa submisión da persoa mais débil.

### **Formas de acoso:**

- Malos tratos verbais: insultos, alcumes, difamar, sementar rumores.
- Malos tratos psicolóxicos: ameazas, chantaxes, burlas públicas etc.
- Malos tratos físicos: malleiras, lesións, agresións, desfeitas de roupa, material etc.
- Illamento social.

Existe acoso cando se dan as seguintes circunstancias:

- Intención de facer dano.
- Reiteración.
- Desequilibrio de forzas entre o acosador e a vítima.

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento dunha situación de acoso ten que comunicalo ao equipo directivo do centro.

### **Medidas de prevención:**

- Para previlo faranse campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais, titores/as ou alumnado para poder detectalo e reaccionar fronte ao mesmo.
- Hai que facilitar que as vítimas exterioricen as situacións de acoso escolar. Os/as titores/as mediante conversas e observación do alumnado intentarán detectar posibles situacións de acoso.
- Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñer fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias, que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando fose posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- Procedemento de intervención ante situacións de acoso escolar:
  - Solicitar información: o/a titor/a informará á xefatura de estudos da situación, e se é necesario a completará coa achega pola familia ou calquera outro tipo de información que se considere relevante. O resultado comunicárase á dirección.
  - A dirección poderá establecer medidas preventivas de protección que garantan a seguridade do alumnado supostamente acosado, como incrementar a vixilancia naquelas zonas máis conflitivas, tamén se poderá facer un cambio de grupo.
  - Confirmados os indicios de abusos, a dirección instará o/a titor/a ou persoa que se designe, para que manteña as entrevistas que sexan necesarias para aclarar os feitos. Manteranse as seguintes entrevistas :
    - Co alumnado acosado.
    - Co alumnado non participantes.
    - Coa familia da presunta vítima
    - Coas familias do alumno/a ou alumnos/as presuntos agresores.
    - Co presunto/a agresor/a ou agresores/as.

Unha vez rematadas as entrevistas, o/a titor/a ou persoa encargada de realizar o proceso, realizará un breve informe sobre os datos máis relevantes da situación denunciada e o trasladará á dirección. Ésta, informará á familia do alumno/a acosador/a e poderá pedirlle a este que adopte compromisos co fin de que cese a situación de acoso, repare moralmente ao/a acosado/a e colabore co profesorado na erradicación deste tipo de comportamentos.

A actitude e compromiso do/a alumno/a ante estas propostas terase en conta á hora de determinar a medida disciplinaria.

En función de toda a información e a actitude do/a acosador/a, a dirección decidirá se procede a incoación do expediente disciplinario.

### **Actuacións posteriores:**

- Coa vítima:
- O/a titor/a asesorará ao alumno/a para poder afrontar situacións conflitivas.
- O profesorado intentará fortalecer o círculo de relacións da vítima.
  - Se o/a alumno/a está especialmente afectado, recomendarase a familia que busque axuda externa.
- Cos observadores:
  - Realizaranse actividades de grupo para que o alumnado saiba como actuar en caso de acoso; reprobando condutas de acoso, apoiar ás vítimas, illar ao agresor, denunciar.....
- Co agresor/a ou agresores/as
  - Ademais das accións correctoras adoptaranse as medidas necesarias para favorecer a integración no grupo.

### **Seguemento e avaliación**

A dirección manterá informado ao Consello Escolar das situacións detectadas e das medidas adoptadas.

A Comisión de Convivencia realizará un seguimento.

## **7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, DEREITOS E DEBERES**

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa teñen uns dereitos e deberes de convivencia e participación.

### **Do alumnado**

#### Dereitos

- Recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- A que respecten a súa identidade e dignidade persoal.
- Á protección contra toda agresión física ou moral.
- Participar no proceso educativo do centro.

### Deberes

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar.
- Recoñecer ao profesorado como autoridade educativa do centro.
- Respectar as normas de convivencia e de organización do centro.
- Respectar as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e material do centro.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación.
- Asistir a clase con puntualidade.

### **Do profesorado**

#### Dereitos

- A ser respectado, valorado e recibir un trato adecuado do resto da comunidade educativa.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente adecuado.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia.
- A participar na elaboración do plan de convivencia do centro.
- A protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- Participar nas actividades escolares e extraescolares e no proceso educativo.
- A recibir a formación necesaria sobre a atención á diversidade e a convivencia escolar.

#### Deberes

- Respectar e facer respectar as normas de convivencia, colaborando na prevención e detección das condutas contrarias ás mesmas.

- Adoptar as decisión oportunas para ter un bo ambiente durante as clases e actividades.
- Informar os pais, nais, titores/as sobre o rendemento académico dos seus fillos/as, alumnos/as do centro.
- Proporcionar ao alumnado un ensino de calidade e igualdade respecto á diversidade e fomentando un bo clima de convivencia.
- Poñer en coñecemento do/a titor/a, equipo directivo, pais e nais, os incidentes no ámbito da convivencia para poder tomar as medidas oportunas.
- Controlar as faltas de asistencia.
- Orientar educativa, académica e profesionalmente ao alumnado.
- Participar nas actividades complementarias dentro e fóra do recinto educativo.

### **Dos pais e nais**

#### **Dereitos**

- A ser informados sobre o progreso na aprendizaxe dos seus fillos/as, facilitaráselles o acceso aos profesores e aos membros do equipo directivo.
- A recibir información sobre as normas de convivencia, respectalas e facelas respectar.
- A ser ouvidos nos procedementos disciplinarios dos seus fillos/as.

#### **Deberes**

- Colaborar e participar no proceso educativo en colaboración cos profesores e titores.
- Coñecer as normas de convivencia, respectalas e facelas respectar.
- Colaborar co centro na prevención e corrección de condutas contrarias ás normas de convivencia.

### **Do persoal de administración e servizos**

#### **Dereitos**

- A ser respectado e recibir un trato adecuado.

- A participar na mellora da convivencia escolar, no exercicio das súas funcións.
- A realizar as súas funcións nun bo ambiente de traballo.
- A participar na vida do centro a través do Consello Escolar por medio do seu representante.

### Deberes

- Facer que se respecten as normas de convivencia escolar, a identidade e a integridade de todos os membros da comunidade.
- Colaborar na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, nas situacións de acoso escolar.
- Dar información e axuda ás persoas que o requiran e velar polo coidado das instalacións e do mobiliario.

### **Normas de carácter xeral**

- Esíxese puntualidade en todas as clases e se non se pode cumprir é necesario un xustificante.
- Ningún/a alumno/a poderá ausentarse da clase sen avisar ao profesorado, cando necesiten ausentarse os pais ou titores deberán comunicalo.
- As faltas de asistencia comunicaranse ao profesorado.
- As ausencias por enfermidade, se son de longa duración, xustificaranse cun informe médico.
- Cando as faltas de asistencia superen o 20% do total das clases do trimestre, non se avaliará. No caso de materias dunha clase á semana será con tres faltas.
- Por razóns de hixiene e saúde nos períodos de alerta sanitaria será obrigatorio o uso de máscara e haberá xel hidroalcohólico na entrada e nas aulas.
- Velarase polo bo uso das instalacións.
- Débense deixar os aseos e os vestiarios en boas condicións.
- O alumnado usará os aseos que lle correspondan e permanecerá neles o tempo estritamente necesario.
- Nas aulas coidarase o mobiliario e os pianos.

- Non se permitirá o uso no centro de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos.

**8. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no Decreto 8/2015 do 30 de xaneiro en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.**

As correccións de condutas contrarias a convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- Ter un carácter educativo.
- Respetar o dereito de audiencia do alumnado previo á adopción de medidas.
- Contribuír a que o alumnado corrixido mellore as relacións con todos os membros da comunidade educativa.
- Ser proporcional á gravidade da conduta corrixida.

Terase en conta as seguintes circunstancias para a gradación das medidas correctoras:

- Atenuantes
  - Arrepentimento espontáneo.
  - Ausencia de intencionalidade.
  - Reparación inmediata do dano causado.
- Agravantes
  - Premeditación e reiteración.
  - Uso de violencia, actitudes ameazadoras, desafiantes etc.
  - Condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, convicións políticas, morais o relixiosas, así como por padecer discapacidade física o psíquica.
  - Os actos realizados en grupo que atenten contra os dereitos de calquera membro da comunidade educativa.

Conduñas contrarias á convivencia, **clasificación:** Faltas leves e faltas graves

### **FALTAS LEVES**

- Chegar tarde ás clases sen xustificación.
- Faltas de asistencia reiteradas sen xustificación.
- Non levar o material necesario para a clase.
- Vestirse en zoas non adecuadas.
- Manter o móbil conectado durante a clase e utilizalo.
- Non colaborar en manter limpo o centro.
- Ignorar as chamadas de atención do profesorado e do resto do persoal do centro.
- Faltas de educación, de respecto, insultos o xestos de desprezo aos/ás compañeiros/as, profesorado ou outros membros da comunidade educativa.
- Incumprimento leve dos deberes que determinan este plan.

### **Medidas correctoras das faltas leves**

- Amoestación verbal ou escrita.
- Acudir ante a xefatura de estudos.
- Expulsión da sesión de clase.
- Non poder participar nas actuacións.

### **FALTAS GRAVES**

- Son faltas graves aquelas condutas que afectan gravemente á convivencia.
- Acumulación de faltas leves.
- Agresións físicas ou psíquicas, injurias, ofensas graves, ameazas contra os demais membros da comunidade educativa.
- Actos de discriminación contra membros da comunidade educativa.
- Actos de desafío á autoridade do profesorado ou do persoal administrativo e de servizos.
- A gravación ou difusión de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar
- Acoso escolar.



- A falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves ás instalacións, aos materiais ou bens de terceiros de forma intencionada.
- Actos inxustificadas que perturben a normal actividade do centro, incluíndo as de carácter complementario e extraescolar.
- Incumprimento das sancións impostas.

### **Medidas correctoras das faltas graves**

- Realización de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro, dentro e fóra do horario lectivo.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias de forma temporal.
- Amoestación por escrito cando sexa por faltas de puntualidade ou de asistencia reiteradas sen xustificar.
- Expulsión das clases afectadas durante unha semana.
- Expulsión do centro por tres días.
- Cambio de grupo.

## **PROCEDEMENTO PARA A ADOPCIÓN DE SANCIÓN**

### **A. Condutas leves**

- As faltas leves cuxos feitos e autoría foran evidentes poderaas sancionar o profesorado de forma inmediata, comunicandoo ao/á titor/a e á xefatura de estudos a sanción imposta.
- Cando sexa necesario obter mais información para unha correcta valoración, a xefatura de estudos oirá a cantas persoas considere necesario e a trasladará ao órgano competente.
- Os/as titores/as serán informados/as de todas as decisións e serán oídos/as antes da adopción de medidas disciplinarias.
- O alumnado e as súas familias ou titores/as recibirán por escrito as medidas correctoras.
- A duración total do procedemento non se excederá de 10 días lectivos.

### **B. Condutas graves**

- Corresponde á dirección do centro a instrución e o procedemento que se vai seguir; conciliado ou común, despois de recollida toda a información.
- A dirección do centro informará ao profesorado titor/a do alumno/a corrixido/a e ao consello escolar das condutas graves.

- **Determinación do procedemento**

- a) A corrección de condutas require a instrución dun procedemento corrector que poderá ser conciliado ou común.
- b) A dirección do centro cando teña coñecemento dos feitos pode acordar un período de información previa, co fin de coñecer todas as circunstancias e decidir aplicar ou non o procedemento conciliado. Prazo máximo de dous días lectivos desde que se coñeceron os feitos.
- c) A dirección, asesorado polo/a titor/a da alumna ou alumno, valorará a conduta tendo en conta a idade e as circunstancias persoais familiares ou sociais; decidirá a procedencia ou non de incoar expediente e, de ser o caso, notificar por escrito a/ao alumna/o ou, de ser menor, ás persoas proxenitoras ou representantes legais.
- d) A dirección poderá adoptar medidas provisionais coma cambio de grupo temporal, suspensión da asistencia a clase, a actividades ou ao centro por un período non superior a tres días lectivos.
- e) Tendo en conta todas as circunstancias, a dirección do centro determinará o procedemento, propiciando sempre que se poida o conciliado.

- **Inicio do procedemento**

- a) No prazo de tres días de ser coñecedora, a dirección notificaralle por escrito á alumna ou alumno ou, de ser menor, ás persoas responsables, e se cumpren os requisitos esixidos darlles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado. Noutro caso, utilizarase o procedemento común.
- b) No caso que se acepte o procedemento conciliado, será comunicado á dirección no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. Se non se comunica aplicarase o procedemento corrector.
- c) A dirección nomeará unha persoa docente que actúe como instrutor/a do procedemento corrector que terá as seguintes funcións:

- Practicar cantas dilixencias considere pertinentes.
- Custodiar os documentos e efectos postos a súa disposición durante a instrución.
- Proporlle á dirección a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes.
- Proporlle á dirección o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

- **Procedemento conciliado**

- a) A dirección convocará á persoa instrutora e ás persoas afectadas a unha reunión, no prazo dun día lectivo desde que se comunique a opción elixida.
- b) Na reunión, a persoa instrutora recordará ás/aos afectadas/os que o procedemento supón acatar o acordo que se derive do mesmo. As declaracións que se fagan formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
- c) A persoa instrutora propoñerá algunha das medidas correctoras.
- d) A petición de desculpas será tida en conta.
- e) Deberá quedar constancia por escrito das medidas correctoras fixadas. A dirección ratificará o acordo chegado.
- f) O incumprimento das medidas dará lugar ao procedemento común.
- g) O procedemento finaliza cando se chegue a un acordo entre as partes.
- h) Tamén actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas do centro. Non substituirá á instrutora do procedemento, colaborará con ela. A súas funcións serán:
  - Contribuír ao proceso de conciliación.
  - Axudar a que as partes cheguen a un entendemento.
  - Apoiar o cumprimento do acordado no procedemento.

- **Procedemento común**

- a) Se utilizará cando non sexa posible o procedemento conciliado.
- b) A tramitación a realizará a persoa instrutora que deberá precisar no expediente o tipo de conduta do/a alumno/a, así como a corrección en función dos feitos probados.

- c) Finalizada a instrución do procedemento a persoa instrutora dará audiencia a/ao alumna/o e se fose menor aos proxenitores, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días contados a partir da recepción da citación.

A notificación irá acompañada dos documentos que figuren no procedemento.

Expedirase un acta.

#### ▪ **Terminación do procedemento**

- a) Finalizado este tramite, a persoa instrutora dará traslado de todo o expediente á dirección do centro, que á vista da proposta da instrutora, ditará unha resolución escrita que considerará o seguinte:

- Feitos probados
- Circunstancias que reduzan ou atenúen a responsabilidade
- Medidas correctoras
- Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos da recepción da resolución, a revisión da medida correctora.

- b) A dirección do centro notificará por escrito ao/a alumno/a ou aos/ás alumnos/as ou aos proxenitores no caso de ser menor de idade, a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción do informe da instrutora, remitíndoa á Xefatura Territorial.

- c) As correccións impostas pola dirección poden ser revisadas polo Consello Escolar a instancias do alumnado.

- d) As correccións serán inmediatamente executivas.

#### ▪ **Prescripción das condutas**

As condutas leves prescriben ao mes e as gravemente prexudiciais, aos catro meses de a súa comisión. O prazo comeza a contar desde o día que a conduta tivera lugar.

## **9. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

## **Carácter**

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que éste ten asignadas en materia de convivencia escolar, velando pola correcta aplicación do plan de convivencia, das normas de convivencia do centro e do disposto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

## **Composición e elección dos seus membros**

O nomeamento dos membros corresponde á dirección por proposta dos colectivos representados no Consello Escolar. Estará composta por representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal da administración e servizos, na mesma proporción en que se encontren representadas no Consello Escolar. A representación deberá ter en conta o principio de igualdade entre homes e mulleres.

A comisión de convivencia será presidida pola persoa titular da dirección e unha das persoas integrantes actuará como secretaria/o.

Os membros poden coincidir cos do Consello Escolar.

## **Periodicidade das reunións**

A comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Reunirase sempre que sexa necesario por temas disciplinarios.

## **Funcións**

Elaborar o plan de convivencia.

Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia e adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade.

Será a encargada de analizar e dar resposta provisional aos conflitos que se presenten dentro da comunidade educativa.

Canalizará as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, así como para promover a cultura da paz e da resolución pacífica dos conflitos.

Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras e informar ao Consello Escolar.

Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e a conflitividade do centro.

### **Difusión do plan**

Coa finalidade do que o plan sexa coñecido o equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para a súa difusión (na web e no taboleiro).

Ao principio de curso transmitiranse os obxectivos do plan por parte do equipo directivo, acción tutorial, etc.

### **Avaliación e seguimento do plan**

O equipo directivo garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A comisión elaborará unha memoria ao rematar o curso coas conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación.

O consello escolar aprobará a memoria do plan e esta formará parte da memoria anual do centro.

